



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E FUNDACIÓN CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) CO FIN DE ACOLLER BOLSEIROS/AS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE MELLORA DA COMPETITIVIDADE NAS PEMES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar con FUNDACIÓN CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) a acollida de un máximo de 10 bolseiro(s) da convocatoria de bolsas para a realización de proxectos de mellora nas pemes galegas.

A duración inicial das bolsa é de doce meses e a data de comezo estímase durante o mes de outubro de 2016. A dita duración poderá ser prorrogada polo Igape por un período máximo de catro meses adicionais en consideración á conveniencia de finalizar etapas de formación práctica que xa estivesen comezadas ou a piques de comezar na data de finalización da bolsa, sempre e cando FUNDACIÓN CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) acepte a prolongación da estancia

Que este convenio ten por obxecto:

A concesión do número de bolsas indicado na resolución de convocatoria para a realización de prácticas formativas incardinadas en programas de mellora nas pemes galegas, segundo o Plan Formativo do anexo III destas bases, coa finalidade de formar a titulados universitarios en diversas áreas relacionadas coa profesionalización e desenvolvemento estratéxico da empresa. Entre outros:

- Optimización financeira/mellora do circulante
- Profesionalización da produción e tecnoloxías relacionadas coa Fábrica do Futuro e o concepto "Industria 4.0"
- Relanzamento comercial
- Xestión por procesos
- Imaxe e comunicación empresarial
- Construción dun proxecto de futuro e plan de mellora empresarial
- Desenvolvemento de plans de acción
- Identificación e desenvolvemento de redes de cooperación e socios
- Innovación na empresa
- Desenvolvemento do capital humano
- Execución de vixilancia tecnolóxica/intelixencia competitiva
- Asesoramento integral ao proceso emprendedor.
- Dixitalización na empresa.

Os titulados participarán nun itinerario formativo especificamente deseñado para a participación no programa, e realizarán prácticas formativas baixo a tutela de axentes colaboradores do Igape en proxectos de mellora de pequenas e medianas empresas, apoio ao emprendedor ou proxectos colaborativos de asociacións ou clusters empresariais, período no que recibirán formación e titorización directamente por parte do axente colaborador.



Que o instrumento que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Resolución do 3 de xuño de 2016 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do Programa de bolsas formativas para realizar proxectos de mellora das pemes galegas.

Estas bases regulan a concesión dun máximo de 100 bolsas en réxime de concorrència competitiva, para impulsar a prestación de servizos de mellora da competitividade das pemes en diversos ámbitos como poden ser o diagnóstico da situación competitiva, a profesionalización da xestión empresarial ou o desenvolvemento estratéxico.

As prácticas formativas realizaranse baixo a supervisión do Igape en axentes colaboradores concertados que participen na prestación de servizos de mellora da competitividade ás pemes.

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a a 25 de agosto de 2016.